

O [menú](#) "Configuración"

O [menú](#) configuración permite definir as propiedades xerais da nosa galería de imaxes, así como a súa configuración e personalización.

Consta de varios apartados que describimos brevemente de seguido coas súas opcións de configuración máis relevantes:

(Recoméndase deixar as opcións por defecto agás as que se indican a continuación como configurables :



Parámetros generales:

- Nome da galería: é o texto que aparece como título principal na nosa galería
- Descrición da galería: permite establecer un subtítulo debaixo do título principal (nome da galería)
- Correo electrónico do [administrador](#): debería especificarse a propia do [administrador](#) do [sitio](#).
- Permitir descargas de favoritos en formato [ZIP](#): brinda a posibilidade de realizar descargas das imaxes que previamente se seleccionaran como favoritas.

Idiomas, temas y aspecto (juegos de caracteres):

- Idioma: Observar que por defecto aparece Spanish.
- Mostrar lista de idiomas: permite mostrar a lista de idiomas dispoñibles para que o usuario que inicia sesión en Coppermine o poida elixir.
- Mostrar banderas de idiomas: Permite cambiar o idioma premendo sobre a bandeira do idioma desexado.

Configuración de temas:

- Tema (aspecto): Os temas en Coppermine son o equivalente ás plantillas en drupal. Permiten definir o aspecto xeral da páxina, cores, tipo de letra, etc. (Probade por exemplo a cambiar o tema de classic a eyeball e observade o resultado. Despois, volvede de novo ao tema classic).
- Mostrar lista de temas: Permitiría aos usuarios elixir o tema que se cargaría por defecto cando iniciaran sesión en coppermine.
- Nombre del enlace del [menú](#) personalizado: por defecto aparece o texto "Ir á web", pero poderíamos cambialo nesta opción.
- [URL](#) del link del [menú](#) personalizado: relacionada coa anterior, permite establecer a [URL](#) que se abrirá ao premer no enlace "Ir á web".

Aspecto de la lista de álbumes: (Estas opciones permiten personalizar a visualización das imaxes na nosa galería)

- Anchura da táboa principal : 100%. (Ocupa a totalidade da pantalla)
- Número de niveis de categorías a mostrar: 2
- Número de álbumes a mostrar: 12
- Número de columnas na lista de álbumes: 2
- Tamaño das imaxes miniatura en pixels: 50

Aspecto de la vista de miniaturas:

- Permite definir o número de columnas e filas na páxina de imaxes miniatura, o número de veces que se viron e o número de comentarios debaixo de cada imaxe, o número mínimo de votos para que unha imaxe apareza na lista das máis valoradas, establecer a orde das mesmas, etc.

Vista de imágenes:

- Permite definir, entre outras características, a largura da táboa onde se mostran as imaxes, a lonxitude máxima permitida para a descrición das mesmas, o número de obxectos na tira de película, así como establecer o intervalo de tempo en milisegundos entre imaxes no SlideShow.

Configuración de comentarios:

- Permite filtrar palabras malsonantes nos comentarios, o emprego de emoticonos, a posibilidade de que un usuario poida facer varios comentarios a unha mesma imaxe, etc. Asimesmo, permite establecer unha lonxitude máxima para os comentarios.

Configuración de archivos e imágenes miniatura:

- Permite establecer parámetros de calidade para os ficheiros [JPEG](#), limitar o tamaño máximo dos arquivos engadidos polos usuarios, definir a altura e largura máxima das imaxes engadidas e a posibilidade de escalar automaticamente as imaxes que non cumpran o especificado nos parámetros anteriores.

Configuración avanzada de archivos e imágenes miniatura:

- Permite especificar os tipos de imaxe, vídeo e son admitidos. Tamén permite o autoinicio de películas e a posibilidade (moi importante) de que os usuarios poidan ter álbumes privados.

Configuración de usuarios:

- Permite definir as características de [acceso](#) dos usuarios á aplicación: rexistro automático de novos usuarios, verificación do email dos mesmos, posibilidade de ver ao resto de usuarios, número máximo de intentos de introdución dun [contrasinal](#) erróneo, tempo de desconexión en caso de alcanzarse...

Campos personalizados para perfiles de usuarios (déjelo en blanco si no se usa):

- Son os campos de personalización que poderemos cubrir cando deamos de alta usuarios en Coppermine.

Campos extra para descripción de imágenes (dejar en blanco si no se usan):

- Permiten definir campos adicionais para caracterizar as imaxes subidas ao [servidor](#).

Configuración de cookies:

- Nombre y ruta de la cookie usada por el script (non tocar).

Configuración de correo (usualmente no requiere cambios, deje los campos en blanco si no esta seguro):

- [Servidor](#) SMTP, usuario e [contrasinal](#): (non tocar).

Registro de Sucesos (Log) y estadísticas:

- Modo de Registro de sucesos: Permite activar/desactivar o modo de rexistro de sucesos para levar un control como administradores do que está a suceder coa aplicación, así como manter estatísticas detalladas dos votos e das imaxes máis votadas (hits).

Configuraciones de Mantenimiento:

- Galería desactivada: Permite desactivar temporalmente a galería de imaxes do noso centro.

Olo!!Cando fagamos algún cambio nos menús de Coppermine hai que facer [click](#) en "Guardar la nueva configuración".

Cambiar o idioma da aplicación:

Para cambiar o idioma por defecto da aplicación non é suficiente con elixir no despregable de idiomas o idioma desexado.

- Debemos ter activa a opción "Mostrar banderas de idiomas". (Debemos gardar a nova configuración).



- Unha vez seleccionada podemos cambiar o idioma premendo sobre a bandeira que queiramos.



- Finalmente podemos desactivar a opción "Mostrar banderas de idiomas"